

A POUBEA DE BUXÁN

O seguimento diario dos blogs dos amigos/as que nos honran desde o seu talento e as súas sensibilidades fainos sentir un chisco máis solidarios e agradecidos: é un rebullicio de palabras e de imaxes que son magnéticas e circundan internet en aturuxos de ledicia. Ollando **aquamlatam, aopedofarelo, toxomar, falabarato, brétemas, dorvisou, aportaverde...**aquecen corpo e alma e o tempo voa, repasa os nosos soños e un tanto as nosas vidas. Agradecementos pois aos xenerosos que aquí hai e aínda escriben, fotografan, crean, testemuñan.

Estoutro día ollei unha entrada no blog de Manolo Busto que me puxo a circular polas avenidas da noite, cando acordas e todo se ilumina. É unha fotografía da “casiña redonda” de Buxán, un lugar da parroquia de Ventosa (Agolada). Lembro o día en que nolos dous pasmamos diante desta popa de pedra que navega ao garete no mar das nosas aldeas, tantas en abandono consentido. Poderíámola nominar, se o futuro se fabrica de por vida, “ *A poubea de Buxán* “ (*Centro de Interpretación e Patrimonio*). Ten todas as simboloxías do rural galego: o minifundio, a beleza, o respecto á tradición tamén castrexa, o colo e o berce das palabras nese microespazo da mornura onde tantas fornadas de amor foran amasadas, e serían fillos/as, netas/os e bisnetas...cabo de lonxe e por acaso sen regreso. Un niño de carrizo en pedra que se resiste e chama polos nosos ollos de cultura 2007, pola insubmisión ás despedidas e ás vendas para o derrube. Se o noso orgullo fose en medras, estes testemuños rechamantes (neste caso dunha arquitectura humilde e máxica a un tempo) darían óptimos resultados para futuros convivios e leceres: en cada parroquia de Galiza un CIP onde ver, estar e conversar sobre de noso en base á prospección desde unha etnografía en imaxes e máis lerías das que arestora hai, que somos case mudos desde aquela outra voz das noites familiares a amistosas, cando A PALABRA ERA.

Que as institucións a quen corresponda invistan e concorden en que a Historia é moito máis alá que os ecos da memoria de cando en vez, aínda a escrita. E falo outrosí da ribeira, Beatriz Dacosta sábeo, onde hai tamén ruína e deserción e cando algo fica en pé contra o pronóstico, apampamos e apraudimos para que o mar atenda, transborde e magnifique. Tal o Cabo de Fisterra, arestora e sempre baril, facho do mundo, de noso aínda. Parabéns a todas/os.

Xosé Vázquez Pintor